

"PONTEVEDRA EN MARCHA CONTRA O CANCRO"

8ª EDICIÓN – 2026

Contido

1.- PRESENTACIÓN:	2
2.- CARACTERÍSTICAS:	2
3.- REGULAMENTO:	2
3.1.- Data e hora	2
3.2.- Distancia e percorrido	3
4.- INSCRICIÓNS:	4
4.1.- Entrega de dorsais e camisetas	5
5.- PREMIOS, AGASALLOS E AVITUALLAMENTO:	5
6.- SEGUROS E RESPONSABILIDADES:	5
7.- DEREITOS DE IMAXE:	6
8.- EXPULSIÓN DO EVENTO:	6
9.- SUSPENSIÓN DO EVENTO:	6

1.- PRESENTACIÓN:

A Asociación Española Contra o Cancro en Pontevedra organiza o domingo 4 de outubro de 2026, ás 10:30 horas, a 8ª edición da marcha/proba deportiva "Pontevedra en marcha contra o cancro" a beneficio desta entidade e coa finalidade de apoiar a investigación contra o cancro.

A saída estará situada na Praza de España de Pontevedra e o percorrido, de aproximadamente 5,2km, poderase realizar correndo ou andando. A chegada será no mesmo lugar da saída.

2.- CARACTERÍSTICAS:

A Asociación Española Contra o Cancro en Pontevedra organiza esta marcha/proba deportiva co fin de destinar o recadado a financiar os Programas de Prevención, Atención Psicolóxica e Social, Logopedia, Fisioterapia e Exercicio Físico Oncolóxico, nutrición, acompañamento a pacientes e familiares, ademais de a fomentar e apoiar proxectos de INVESTIGACIÓN en cancro.

Esta proba ten carácter lúdico-deportivo e **non competitivo** e está aberta a todas aquelas persoas que queiran colaborar coa Asociación Española Contra o Cancro.

3.- REGULAMENTO:

3.1.- Data e hora

Celebrarase o domingo 4 de outubro, coas seguintes horas de saída:

- **10:30hrs.** para os participantes que vaian facer a proba correndo. As persoas que realicen a proba correndo deberán dirixirse á zona dos arcos de meta/saída ás 10:20hrs. (dez minutos antes da saída).

- **10:45hrs.** para os participantes que vaian realizar a proba andando. As persoas que se inscriban na categoría Andaina deberán estar preparadas ás 10:35hrs. (dez minutos antes da saída), da seguinte maneira:

- a) No primeiro arco situaranse os participantes que vaian realizar a proba camiñando, así como aquelas persoas que por motivo dalgunha limitación de mobilidade precisen de cadeiras de rodas para desprazarse e os que leven carriños de bebé ou similares.

- b) En segundo lugar, situaranse as persoas que acudan acompañados das súas mascotas e aqueles grupos que acudan con bicicletas adaptadas á discapacidade, debendo, neste caso, comunicar á organización o número de persoas e o tipo de vehículo, reservándose a organización o dereito a non permitir participar a aqueles vehículos que non se consideren seguros para os propios usuarios ou o resto de participantes na marcha.

Todos/as os/as participantes na marcha teñen a obrigaón de obedecer as indicacións que a organización (voluntarios/as, Protección Civil e Policía Local) co fin de garantir o correcto funcionamento do evento, así como a seguridade dos propios participantes e dos membros da organización.

3.2.- Distancia e percorrido

A proba consta dun percorrido, aproximadamente de 5,2km, polas rúas de Pontevedra e entorno do río Lérez.

SAÍDA: Praza de España, Arcebispo Malvar, Galera, Avda. Uruguai, Pte. Correntes (peonil), Domingo Fontán (peonil), Paseo Rafael Areses (peonil), Avda. Compostela (paseo peonil), Alex. Bóveda (beirarrúa), Rafael Areses, Puente de Santiago, Bos Aires (polo carril de circulación ata o Ponte do Burgo, Ponte do Burgo (ida e volta), Uruguai (ata a glorieta con Galera e volta), Bos Aires, Valentín García Escudeiro, Sierra, Arcos de San Bartolomé, rúa Pedreira, Rúa Padre Isla, Rúa Gregorio Fernández, Rúa Sarmiento, Don Gonzalo, Curros Enríquez, Soportais, Praza Peregrina, Michelena, Xardíns de Vicenti, Montero Rios e Praza de España (**CHEGADA**).



4.- INSCRICIÓN:

Toda a recadación da marcha destinarase ao financiamento de proxectos de investigación oncolóxica e servizos gratuítos para pacientes oncolóxicos e familiares.

- a) **Inscripción adultos, 17 anos en diante:**
 - CON CAMISETA*: Prezo 10 euros
 - SEN CAMISETA: Prezo 7 euros
- b) **Inscripción kids, para nenos/as de 4 a 16 anos:**
 - CON CAMISETA*: Prezo 7 euros
 - SEN CAMISETA: Prezo 4 euros
- c) **Inscripción nenos/as 0 a 3 anos:**
 - De balde (non inclúe camiseta)

Poderase formalizar a inscrición por calquera dos seguintes modos:

- A través do link:

<https://enmarcha.contraelcancer.es/es/evento/pontevedra-en-marcha-contra-o-cancro-2026>

- Na sede da Asociación en Pontevedra (C/Eduardo Pondal, 64A, baixo, 36003 Pontevedra)
- Nas mesas que a delegación da Asociación Española Contra o Cancro situará nas rúas de Pontevedra.

O límite de participación será de 3.000 rexistrados/as*.

As INSCRICIÓN EN LIÑA PECHARANSE o 1 de outubro ás 23:59 ou ata completar a cota de 3.000 rexistrados. De non chegar ao límite seguirase realizando a inscrición de maneira presencial na sede ou o mesmo día da marcha no lugar do evento. Más información na sede da Asociación (C/ Eduardo Pondal 64A baixo, 36003, Pontevedra). Teléfono: 986865220.

Existe un **DORSAL SOLIDARIO** para que todas as persoas que non poidan participar na marcha poidan realizar unha achega económica á conta da Asociación Española Contra o Cancro da entidade Abanca cuxo número é o ES76 2080 5401 5430 4020 3035 ou a través da pasarela de inscricións <https://https://enmarcha.contraelcancer.es/es/evento/pontevedra-en-marcha-contra-o-cancro-2026>

**** Nota de actualización (18/09/2026):** Se modifica el artículo 4 del reglamento, reduciendo el límite máximo de participación de 3.700 a 3.000 personas inscritas por motivos organizativos y de seguridad.

4.1.- Entrega de dorsais e camisetas

Terá lugar **os días 2 e 3 de outubro na SEDE DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CANCRO EN PONTEVEDRA** : R/ Eduardo Pondal, 64A Baixo, en horario de 9:30 a 21:00hrs. **E o 4 de outubro en zona de saída (Praza de España)** en horario de 8:30 a 10:00hrs.

A entrega de dorsais (número de dorsal) realizarase por orde de recollida e non de inscrición.

Garantízanse camisetas da edición 2026 para as primeiras 2.300 persoas inscritas (que realicen a súa inscrición mediante a modalidade '*Inscrición con camiseta*'), ata esgotar tallas e/ou existencias.

Unha vez esgotadas a talla desexada ou as camisetas da edición 2026 (tanto nas inscricións online como presenciais), **os/as participantes poderán continuar inscribíndose mediante a modalidade '*Inscrición sen camiseta*'.**

Ofrecerase a posibilidade de engadir unha camiseta doutras edicións, por +2€, no momento da recollida de dorsais (días 2/3 de outubro na sede da entidade e o día 4 na zona da proba).

5.- PREMIOS, AGASALLOS E AVITUALLAMENTO:

Entregaranse trofeos simbólicos ao participante de maior idade, ao menor e ao grupo/ equipo máis numeroso.

Os participantes dispoñerán de avituallamento sólido e líquido.

6.- SEGUROS E RESPONSABILIDADES:

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Seguro de Responsabilidade Civil, excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia, inobservancia das leis etc.

Tamén quedan excluídos os casos producidos por desprazamento a/o desde o lugar en que se desenvolve a proba.

Todos os participantes ata os 85 estarán cubertos por un seguro de accidentes. Para o grupo de asegurados maiores de 65 anos as coberturas serán as seguintes:

Falecemento por accidente: 6.000 euros.

Asistencia sanitaria por accidente en centro concertado: 1.500 euros quedando sen efecto a cobertura de invalidez.

7.- DEREITOS DE IMAXE:

Os/as participantes, ao participar no evento, ceden o dereito á organización das imaxes tomadas na proba e que serán usadas, exclusivamente, como difusión do evento en redes sociais e medios de comunicación, así como noutras campañas de promoción da marcha.

8.- EXPULSIÓN DO EVENTO:

A organización resérvase o dereito para expulsar da marcha, acudindo ás autoridades se fose necesario, a aquelas persoas cuxo comportamento ou estado baixo a influencia de alcol ou drogas, puidese supoñer un problema grave para a realización do evento ou un perigo para o resto de participantes.

9.- SUSPENSIÓN DO EVENTO:

A organización resérvase o dereito de suspender a marcha ou variar o seu trazado se se desen condicións excepcionais que puidesen supoñer un risco para os participantes ou os membros da organización.